

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES NO CONSELLO DO ESTUDANTADO

Acordo da Comisión Electoral Central do 10 de outubro de 2025

De conformidade cos Estatutos e o Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Santiago de Compostela (REX), a Comisión Electoral Central, na súa reunión do día 10 de outubro de 2025, acordou convocar a elección dos representantes do estudantado da Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS) no Consello do Estudantado, segundo as seguintes regras de desenvolvemento, aprobadas pola citada Comisión:

Primeiro. *Convocatoria*

Elección de catro representantes do estudantado da EDIUS no Consello do Estudantado (un por sección).

Segundo. *Calendario electoral*

O calendario electoral será o que figura como anexo I desta convocatoria. A votación efectuarase o **día 19 de novembro de 2025**, en horario ininterrompido desde as 9:00 ata as 18:00 horas.

Terceiro. *Electores e elixibles*

Serán **electores e elixibles** en cada sección os/as representantes que forman parte de cada unha delas no Comité de Dirección da EDIUS. Os censos estarán a disposición para consulta na Reitoría (dependencias da Secretaría Xeral), na Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo así como nos lugares habilitados para estes efectos na EDIUS. Así mesmo, poderá consultarse a inclusión nos censos de xeito individualizado na aplicación electoral: <https://aplicacions.usc.es/axe/publica>.

Cuarto. *Presentación de candidaturas e outros escritos*

A presentación das candidaturas e dos escritos relacionados con esta convocatoria deberá realizarse a través da aplicación electoral: <https://aplicacions.usc.es/axe/publica> antes das 14:00 horas do día no que remate o prazo de presentación. Para acceder á aplicación electoral os/as electores/as terán que identificarse mediante as claves de acceso corporativas da USC. O estudantado poderá acceder á aplicación desde a Secretaría Virtual.

Quinto. *Suposto no que non procede realizar votación*

Ao elixirse un representante de cada sección, non será preciso realizar votación nas seccións nas que se presente unha única candidatura.

Sexto. *Procedemento electoral*

O procedemento electoral será de votación electrónica.

Para efectuar a votación os/as electores/as terán que conectarse a través da súa Secretaría Virtual, ou a través da aplicación electoral: <https://aplicacions.usc.es/axe/publica>. En caso de non poder conectarse, porase en coñecemento da Comisión Electoral Central ou da Secretaría Xeral a efectos de que se tomen as oportunas medidas para resolver a incidencia. A comunicación farase a través da conta de correo evoto@usc.es.

Os/as electores/as identificaranse coas claves de acceso á Secretaría Virtual.

Disposición adicional

Este proceso electoral rexerase polo establecido nesta convocatoria, polo REX en todo o que sexa de aplicación e, subsidiariamente, pola regulación electoral xeral e de administración electrónica que sexa de aplicación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O reitor

Antonio López Díaz

Taboleiro de anuncios da Reitoría, da Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo, da EDIUS e taboleiro electrónico

ANEXO I

Exposición do censo provisional	13-17 de outubro
Reclamacións ante a Secretaría Xeral contra o censo provisional	13-17 de outubro
Resolución da Secretaría Xeral sobre rectificación do censo	20 de outubro
Recursos ante a Comisión Electoral Central (CEC) contra o censo	20-22 de outubro
Publicación do censo electoral definitivo	23 de outubro
Presentación de candidaturas	24 de outubro-4 de novembro
Proclamación provisional de candidatos/as	5 de novembro
Recursos ante a CEC contra a proclamación provisional de candidatos/as	5-7 de novembro
Proclamación definitiva de candidatos/as	10 de novembro
Sorteo da letra de inicio de inscrición de candidatos/as nas papeletas electrónicas	10 de novembro
Campaña electoral	11-17 novembro
Xornada de reflexión	18 de novembro
Votacións	Mércores 19 de novembro (desde as 9:00h ata as 18:00h)
Proclamación provisional de candidatas/os electas/os	20 de novembro
Recursos ante a CEC contra a proclamación provisional de candidatas/os electas/os	21-25 de novembro
Proclamación definitiva de candidatas/os electas/os	26 de novembro

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ,
REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 13/10/2025 10:04:07.

CSV: 9D36-D06F-434F-B492